

INFORMACIÓN MOI IMPORTANTE.

LER ATENTAMENTE ANTES DE VER AS CONVOCATORIAS

Esta convocatoria extraordinaria está reservada a alumnado oficial (Cursos ordinarios, That's English, CALC e CUALE), que resultou NON APTO na convocatoria ordinaria.

O alumnado **só realizará as actividades de lingua que non foron superadas no mes de xuño:**

No caso dos niveis **A1 e A2**, se a nota é **inferior a 15**.

No caso dos **demais niveis**, se a nota é **inferior a 12,5** e, opcionalmente, **para subir a media, aquelas cuxa nota estea entre 12,5 e 16,25** (neste caso, teríase en conta a nota máis alta das dúas convocatorias). **Para obter a cualificación de APTO** a nota mínima por destreza será 12,5 e o total final non deberá ser inferior a 81,25.

- **A parte escrita** inclúe as actividades de lingua seguintes: comprensión de textos escritos; mediación, produción e coprodución escrita e comprensión de textos orais. Pode consultar a orde e duración das probas de certificación na guía do candidato. (No caso dos cursos de promoción, a orde pode variar. Ver convocatoria premendo no enlace).

- **A parte oral inclúe a** mediación, produción e coprodución oral

* **IMPORTANTE!** Para a **parte oral**, o alumnado será convocado oficialmente o día e hora que determine o departamento. **O feito de que haxa máis de un día para a realización das ditas probas, non implica que se poida elixir o día e hora no que se vaia presentar.** Ver convocatoria premendo no enlace. De haber coincidencia dun exame oral con outra proba, póñanse en contacto coa xefatura do departamento.

LEMBRE QUE A MEDIACIÓN (todos os niveis agás A1 e A2) CONSTA DUNHA TAREFA ORAL E DOUTRA ESCRITA, E QUE DEBERÁ REALIZAR AS DÚAS TAREFAS (coa parte oral e coa parte escrita) para poder superala.